

As empresas familiares son a tipoloxía de empresas máis importante en España e a nivel mundial. A xestión do patrimonio é unha necesidade que afecta as empresas familiares, a pesar de que aínda moitas delas carecen da formación precisa para una correcta toma de decisións. A dimensión, a xestión, a formación, a innovación, a sustentabilidade e a xestión dos riscos constitúen retos actuais nas empresas familiares para garantir a súa competitividade e sustentabilidade. Deste xeito o curso ofrece os coñecementos necesarios para garantir a optimización e mantemento a longo prazo do patrimonio e o legado familiar.

Os principais obxectivos curso son acadar a formación necesaria para a xestión dun patrimonio dun patrimonio diversificado e coñecer as alternativas de investimento, ademais de outros aspectos como a valoración de empresas, as características das empresas familiares, as diferentes estruturas societarias, os protocolos familiares e a xestión da sucesión na empresa. Tamén, en relación coa xestión patrimonial, que adquiran as competencias para deseñar unha estratexia financeira para a xestión do patrimonio das empresas familiares; coñecer as diferentes alternativas de investimento: renda fixa, variable, derivados, estruturados, commodities, criptoactivos, fondos de investimento, etc.; saber deseñar unha carteira dado un determinado perfil de risco; coñecer os métodos de valoración de empresas e aplicarlos á valoración dunha empresa familiar.

1

GOBERNANZA E FISCALIDAD DA EMPRESA FAMILIAR (10 Horas)

Caracterización, conflitos, relacións, cultura e valores; Estatutos, Estructuras societarias. Pactos parasociais; Protocolos familiares. Pactos sucesorios. Sucesión testamentaria; RSE e Goberno corporativo. Riscos familiares no marco do bo goberno. Estructuras societarias e fiscalidade; fiscalidade derivada da relación do socio coa empresa; fiscalidade do patrimonio empresarial; compliance fiscal; Fiscalidade dos produtos financeiros.

2

VALORACIÓN DA EMPRESA FAMILIAR (10 Horas)

Marco xeral e métodos de valoración; Análise económica financeira e proxección de estados financeiros. Aplicación dun modelo de valoración; Informes de valoración.

3

XESTIÓN DO PATRIMONIO DA EMPRESA FAMILIAR: PLANIFICACIÓN (40 Horas)

Planificación financeira patrimonial. Renda fixa: a curva de tipos de interese, valoración, rendibilidade esperada, tipoloxía de activo; Renda variable: accións, análise fundamental, selección de accións, etc.; xestión de produtos derivados (futuros, opcións, warrants, certificados, CFD, contratos por diferenza); diversificación financeira intelixente (activos non financeiros: commodities, criptodivisas); Produtos estruturados; Fondos de investimento; Plans e fondos de pensións; Seguros: de risco, de aforro, de capitalización, referenciados, unit-linked, etc.; Investimento inmobiliario (directa e indirecta); Estratexias de investimento; Family Offices; Activos privados (private equity, real state e débeda privada; Plataformas de crowdfunding. Deseño e implementación de estratexias de investimento. Optimización de carteiras. Estimación indicadores de performance. Seguimento de investimentos.

CURSO DE XESTIÓN PATRIMONIAL DA EMPRESA FAMILIAR